OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
2ª AVALIACIÓN						
a e	Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión.	B.1.1	LGB1.1.1.	Comprende a información xeral e relevante de textos procedentes da radio ou da televisión próximos á súa experiencia.	CCL CAA	EOE CA
			LGB1.1.2.	Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.		
b e i j o	Comprensión da información xeral procedente de textos dos medios de comunicación social.	B2.1.	LGB2.1.1.	Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación.	CCL CD CSC	EOE EEC CA
a b e o	Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	B3.1.	LGB3.1.5.	Compón, seguindo modelos, textos relacionados cos medios de comunicación social sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	CCL CAA CSIEE	EOE CA
a b e j o	Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal.	B3.2.	LGB3.2.1.	Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal (carteis, anuncios, cómic)	CCL CSC CAA CCEC CSIEE	EOE EEC CA

e	Observación das variacións morfolóxicas: singular/plural, masculino/feminino.	B4.1.	LGB4.1.4	Sinala o xéro e o número de palabras dadas.	CCL CAA	EOE
b e	Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2.	LGB4.2.1.	Coñece e aplica as normas ortográficas máis sinxelas.	CCL CSC CCEC	EOE
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
3ª AVALIACIÓN						
b d e i j	Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.	B3.3.	LGB3.3.1.	Usa de xeito guiado programas informáticos de procesamento de textos.	CCL CD CAA CSIEE	TIC CA
e	Inicio da identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais	B4.1.	LGB4.1.1.	Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece neles enunciados, palabras e sílabas.	CCL CAA	EOE
b e	Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2.	LGB4.2.1.	Coñece e aplica as normas ortográficas máis sinxelas.	CCL CSC CCEC	EOE
a d e h m	Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	B4.4.	LGB4.4.1.	Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	CCL CCEC	EOE
a d e h m	Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece.	B4.5.	LGB4.5.1.	Compara aspectos moi elementais e evidentes das linguas que coñece.	CCL CAA	EOE
a d e	Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.	B5.6.	LGB5.6.1.	Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación	CCL CCEC	EOE EEC

o				social, respectando e valorando a diversidade cultural.		
---	--	--	--	---	--	--

LINGUA E LITERATURA CASTELÁ 1º						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
AO LONGO DO CURSO						
a b e	Participación en situacións de comunicación de aula espontáneas ou dirixidas.	B1.3.	LCB1.3.1.	Participa activamente en diversas situacións de comunicación como diálogos e ou exposicións.	CCL CD CAA CSC CSIEE	EOE ECC
b d e i	Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes.	B1.5.	LCB1.5.1.	Comprende o sentido global de textos de uso habitual.	CCL CAA	EOE CA
b e	Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen os seus intereses.	B1.7.	LCB1.7.1	Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL CAA CCEC	EOE
b e	Dramatización de textos infantís.	B1.8.	LCB1.8.1	Adecía a entoación e o volumen á representación dramática.	CCL	EOE
b e	Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	B2.1.	LCB2.1.1.	Lee con pronunciación e entoación axeitada textos sinxelos de variada tipoloxía.	CCL	EOE CL
e	Comprensión de textos (escritos) de	B2.3.	LCB2.3.1.	Recoñece a	CCL	CL

	diversa tipoloxía adecuados á súa idade.			funcionalidade de determinadas tipoloxías textuais.	CAA	
e	Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.	B3.1.	LCB3.1.1	Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías.	CCL	EOE
b e	A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das distintas clases de palabras.	B4.1.	LCB4.1.2.	Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	CCL	EOE
			LCB4.1.6	Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.		
			LCB4.1.7	Utiliza os tempos verbais en textos sinxelos.		
b e	Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Signos de puntuación.	B4.3.	LCB4.3.1.	Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel.	CCL	EOE
e i	Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.	B4.5.	LCB4.5.1.	Utiliza de xeito guiado distintos programas e aplicacións educativos.	CCL CD CAA	TIC
d e	Uso da biblioteca de aula como fonte de información e de lecer.	B5.3.	LCB5.3.1	Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	CCL CAA	EEC
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
1ª AVALIACIÓN						
b e	Produción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.	B1.9.	LCB1.9.1.	Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	CCL CSIEE	EOE

			LCB1.9.2.	Describe, de forma sinxela, persoas, animais, obxectos e lugares.		
b e	Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moi redundantes.	B2.2.	LCB2.2.1.	Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL CAA	CL
e	Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación escrita.	B3.2.	LCB3.2.1.	Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL	EOE
d e	Coñecemento e lectura guiada de contos tradicionais.	B5.1.	LCB5.1.1.	Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil.	CCL CCEC CAA CSC	CL EOE
			LCB5.1.2.	Dramatiza con xestos e palabras escenas de contos.		
d e	Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.	B5.2.	LCB5.2.2.	Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	CCL CAA	CL EOE
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
2ª AVALIACIÓN						
b e	Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas moi sinxelas.	B1.4.	LCB1.4.1.	Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL	EOE
b e	Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.	B2.4.	LCB2.4.1.	Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer	CCL	EOE CL
			LCB2.4.2.	Explica de xeito sinxelo as súas preferencias lectoras.		

a b e	Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos.	B3.1.	LCB3.1.2	Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	CCL CAA CSIEE	EEC EOE
			LCB3.1.4.	Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos.		
b e	Vocabulario. Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Palabras derivadas.	B4.2	LCB4.2.1.	Relaciona sinónimos e antónimos.	CCL	EOE
			LCB4.2.3	Utiliza diminutivos e aumentativos.		
			LCB4.2.4.	Identifica palabras derivadas de outras moi evidentes.		
b d e	Recreación e composición de textos literarios sinxelos: contos, poemas, adiviñas.	B5.4.	LCB5.4.1.	Recrea de xeito individual e cooperativo sinxelos textos literarios a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA CCEC	EOE
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
3ª AVALIACIÓN						
b d e i	Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6.	LCB1.6.1.	Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisuais sobre temas do seu interese.	CCEC CAA	CA
a b e	Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.6.	LCB2.6.1.	Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL CSC	ECC
b e	Utiliza estratexias para a produción de textos.	B3.3.	LCB3.3.1.	Escrebe con axuda en diferentes soportes textos moi sinxelos.	CCL CD CAA	EOE
			LCB3.3.2.	Presenta os seus escritos con limpeza.		

d e o	Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece.	B4.6.	LCB4.6.1.	Compara aspectos gráficos e léxicos das linguas que coñece.	CCL CSC	EOE
d e o	Valoración da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.5.	LCB5.5.1.	Valora a literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC	CL EOE

LINGUA E LITERATURA CASTELÁ 2º						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
AO LONGO DO CURSO						
b d e i	Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía.	B1.5.	LCB1.5.1.	Comprende a información xeral dun texto oral sinxelo.	CCL CAA	EOE
			LCB1.5.2.	Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais atendendo á forma da mensaxe e á súa función.		
			LCB1.5.3.	Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.		
b e	Produción de textos orais breves e sinxelos segundo a súa tipoloxía.	B1.9.	LCB1.9.1.	Elabora textos orais sinxelos do ámbito escolar e social.	CCL CAA CSIEE	EOE
			LCB1.9.2.	Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.		
b e	Lectura de distintos tipos de textos próximos á súa experiencia.	B2.1.	LCB2.1.1.	Le en voz alta con pronunciación e entoación axeitada.	CCL	CL

			LCB2.1.2.	Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.		
e	Comprensión de textos de diversa tipoloxía.	B2.2.	LCB2.2.1.	Identifica o tema dun texto sinxelo.	CCL CAA	CL
			LCB2.2.2.	Distingue entre as diversas tipoloxías textuais.		
b e m	Produción de textos escritos con diferentes formatos e intencións comunicativas.	B3.1.	LCB3.1.1.	Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos.	CCL CD CAA	EOE CA
			LCB3.1.2.	Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.		
b e	Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.	B4.3.	LCB4.3.1	Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel.	CCL	EOE
e i	Utilización do material multimedia educativo e outros recursos didácticos.	B4.9.	LCB4.9.1	Utiliza de forma guiada distintos programas educativos dixitais.	CCL CD CAA	TIC CA
d e	Lectura guiada e comentada de textos literarios de diversa tipoloxía.	B5.2.	LCB5.2.1.	Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos.	CCL CAA CCEC	CL
b e	Creación de textos literarios en prosa ou en verso.	B5.5.	LCB5.5.1.	Crea sinxelos textos literarios a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA CSIEE CCEC	EOE
d e	Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.	B5.7.	LCB5.7.1.	Realiza dramatizacións individualmente ou en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	CCL CAA CCEC CSC	EOE CL
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
1ª AVALIACIÓN						

a b e	Participa en situacións de comunicación espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela.	B1.3.	LCB1.3.1.	Participa activamente en diálogos e exposicións orais guiadas.	CCL CD CAA CSC CSIEE	EOE
b e	Dedución de palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario.	B1.4.	LCB1.4.1.	Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel	CCL	EOE
			LCB1.4.2.	Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.		
a b e o	Respecto polas convencións xerais da escritura: uso da maiúscula e do punto.	B3.1.	LCB3.1.3.	Usa nos seus escritos o punto, a coma e os signos de interrogación.	CCL	EOE
b e i j	Utilización de elementos gráficos sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.	B3.4.	LCB3.4.1.	Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL CD CSIEE	EOE CA
e	Recoñecemento da relación entre son e grafía. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.	B4.3.	LCB4.3.1.	Recoñece a relación entre son e grafía.	CCL CAA	EOE
			LCB4.3.2.	Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.		
b d e i	Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís.	B5.2.	LCB5.2.1.	Le, de forma guiada, textos en silencio adecuados aos intereses infantís.	CCL CCEC CD	EOE CL
			LCB5.2.2.	Le de forma guiada textos en voz alta adecuados aos intereses infantís.		
a b e	Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.	B5.6.	LCB5.6.1.	Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	CCL	EOE

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
2ª AVALIACIÓN						
b d e i	Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6.	LCB1.6.1.	Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais para obter información.	CCL CD CAA	EOE CA
			LCB1.6.2.	Recoñece o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.		
b e i j o	Comprensión da información xeral procedente de textos dos medios de comunicación social.	B2.1.	LCB2.1.1.	Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación.	CCL CD CSC	EOE EEC CA
b e m	Cohesión do texto: puntuación e mantemento do tempo verbal.	B3.1.	LCB3.1.1.	Emprega correctamente puntos, comas e signos de interrogación nos seus textos e mantén o tempo verbal.	CCL CD CAA	EOE
b e i	Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa.	B3.4.	LCB3.4.1.	Elabora de forma guiada gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas.	CCL CD CAA	EOE CA
			LCB3.4.2.	Elabora e presenta de forma guiada textos sinxelos que ilustra con imaxes.		
e	Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes e artigos)	B4.1.	LCB4.4.1.	Recoñece de forma xeral as categorías gramaticais máis evidentes en frases e oracións sinxelas.	CCL	EOE
e	Formación de substantivos, adxectivos	B4.2.	LCB4.2.2.	Forma palabras	CCL	EOE

	e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos.			derivadas a partir de palabras primitivas.		
b e	Clases de nomes: común e propios.	B4.4.	LCB4.4.	Distingue entre nomes común e propios e emprega correctamente a maiúscula para diferenciais.	CCL	EOE
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
3ª AVALIACIÓN						
b e	Normas e estratexias para a produción de textos: planificación.	B3.3.	LCB3.3.1.	Utiliza borradores nos que recolle ideas para producir textos sinxelos próximos á súa experiencia e intereses.	CCL CAA CSIEE	EOE
b e m	Cohesión do texto: puntuación e mantemento do tempo verbal.	B3.1.	LCB3.1.1.	Emprega correctamente puntos, comas e signos de interrogación nos seus textos e mantén o tempo verbal.	CCL CD CAA	EOE
e	Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes e artigos)	B4.1.	LCB4.4.1.	Recoñece de forma xeral as categorías gramaticais máis evidentes en frases e oracións sinxelas.	CCL	EOE
e i	Creación de textos utilizando as TIC de xeito guiado.	B3.5.	LCB3.5.1	Usa con axuda as TIC para escribir e presentar textos moi sinxelos.	CCL CD CAA	EOE TIC
b e	Tempos verbais: presente, pasado e futuro.	B4.1.	LCB4.1.1	Utiliza con corrección os tempos verbais ao producir textos orais e escritos.	CCL	EOE
d e o	Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece.	B4.6.	LCB4.6.1.	Compara aspectos gráficos e léxicos das linguas que coñece.	CCL CAA	EOE

d e	Identificación de recursos literarios moi evidentes e sinxelos.	B5.2.	LCB5.2.2.	Interpreta intuitivamente e con axuda a linguaxe figurada en textos literarios.	CCL CAA	EOE
--------	---	-------	-----------	---	------------	-----

3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

3.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTÍNUA

Para realizar a avaliación do alumnado do primeiro curso fixaremos tres momentos:

Avaliación inicial: partiremos da información da familia, do informe do curso anterior (ben se a alumna/o procede doutro centro ou pola contra se xa estaba escolarizado no centro), tamén contemplaremos durante os primeiros días da clase o comportamento e desenvolvemento da nena/o mediante unha observación directa e, ao inicio de calquera unidade didáctica levarase a cabo unha exploración de coñecementos previos.

Avaliación formativa: empregaremos unha observación directa e sistemática sobre os diferentes aspectos:

- Grao de participación e interese nas tarefas colectivas.
- Progresos e dificultades dos novos contidos.
- Revisión diaria das actividades individuais.
- Corrección de actividades na aula en gran grupo, pequeno grupo ou de maneira individual.

Dita avaliación recollerase nun boletín informativo ao remate de cada trimestre que será entregado as familias.

Avaliación sumativa: mediante esta avaliación coñeceremos e valoraremos os resultados acadados polo alumno ao remate do curso e do nivel.

Ao longo deste proceso avaliativo cobra unha especial importancia a **titoría cos pais e nais** dos nosos alumnos/as, posto que a comunicación entre pais, nais e mestres resulta fundamental á hora de aunar criterios para poder dar resposta ás necesidades puntuais que poidan xurdir ao longo do proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas.

Á hora de determinar se a avaliación é positiva ou se debemos adoptar as medidas de reforzo pertinentes, tomaranse como referente os **criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe** que veñen sinalados en cada unha das distintas disciplinas (*Ver epígrafe 3*).

Sinalaremos tamén neste epígrafe a **avaliación da propia programación**. Ao remate de cada unidade didáctica valorarase se a programación é acorde ao alumnado ao que vai dirixido. Este proceso será levado a cabo mediante a observación e revisión do traballo dos alumnos e alumnas ao longo de cada unidade. (*Ver 4.6.*)

Os contidos que non se chegaron a acadar ou nos que se fallou volveranse a retomar empregando outra metodoloxía diferente.

Ao final de cada trimestre e do curso tamén se fará unha avaliación da práctica docente, a cal nos serve entre outras cousas para adoptar medidas, ver en qué se fallou e cómo se poden remediar esas equivocacións.

3. 2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos que empregaremos neste curso para todas as áreas son: follas de seguimento, exercicios escritos, control e seguimento da cadernos, libros ou cadernos de traballo, anecdotario... O mestre ou mestra poderá pasar, ocasionalmente, algunha proba obxectiva ao seu grupo, pero sempre tendo en conta que estas deberán ter carácter experimental. É dicir, servirán unicamente para ir afacendo aos nenos e nenas ás normas e rutinas da proba escrita, e non para avaliar. Nestes cursos, o verdadeiro peso da avaliación recaerá no traballo diario dos alumnos/as.

Para valorar aos alumnos de primeiro e segundo de primaria, os mestres e mestras que impartimos docencia neste grupo teremos en conta os seguintes aspectos:

- Os exercicios realizados na aula.
- As participacións no encerado ou noutras situacións nas que se esixa.
- Respostas das preguntas diarias.
- Boa presentación nos cadernos, libros ou materiais a empregar na aula.
- O traballo puntual de reforzo para a casa.
- Interese e motivación.
- Comportamento, convivencia e respecto, por un lado, cara as compañeiras/os do mesmo curso ou doutro curso, e polo outro, e de cara os mestres ou profesionais non docente.

As alumnas/os diráselles esta información ao comezo do curso e recordaráselle sempre e cando se vexa necesario ao longo do curso. Tamén se lle notificará ás nais/pais ou titoras/es legais na reunión inicial do curso ou por outro medio de comunicación se non puideron asistir á mesma.

4. METODOLÓXIA

Durante a etapa de Primaria e, máis especialmente nas idades temperás, a **atención á diversidade** deberá ser o eixo fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito procuramos garantir un ensino máis individualizado que atenda ás necesidades de cada alumno/a e aos seus distintos estilos e ritmos de aprendizaxe. Este principio traducirase no emprego das seguintes estratexias:

- A secuenciación flexible de contidos, que nos permitirá atender aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- O emprego de diferentes tipos de agrupamentos. Fomentárase tanto o traballo individual, fundamental no desenvolvemento da súa autonomía e competencia para aprender a aprender, como tamén o traballo colaborativo e en equipo, que cumpre un importante papel na adquisición da competencia cívica e social, así como na de desenvolvemento do espírito emprendedor.
- Uso de distintos recursos e materiais. Neste epígrafe faremos mención ás Tecnoloxías da Información e Comunicación, de vital importancia no currículo e que integramos no

desenvolvemento das distintas sesións, pero tamén ao material de reforzo e ampliación que usaremos en distintos formatos.

Outro dos principios fundamentais da metodoloxía é o **desenvolvemento integrado das competencias**, é dicir, o deseño de actividades e tarefas que esixan traballar en distintas competencias de forma combinada.

Por outra banda, neste curso daráselle especial importancia ao desenvolvemento de estratexias de **comprensión lectora**, que traballaremos a través de textos e imaxes en calquera soporte e formato.

Por último, pero non menos importante, consideramos que nestas idades o traballo diario de **reforzo** na casa é fundamental, posto que estamos a sentar as bases da súa aprendizaxe, e así llo facemos saber aos pais, nais e titores do noso alumnado. Con este fin, programaremos diariamente tarefas de reforzo para traballar na casa axeitadas ás súas capacidades; é dicir, para levar a cabo en 30 minutos de traballo aproximadamente.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libros de texto: Ed. Santillana, serie *Saber Facer/ Saber Hacer*

- Matemáticas
- Lecturas

Cadernos de traballo: Ed. Santillana, serie *Saber Facer/ Saber Hacer*

- Matemáticas
- Lengua
- Lingua

Ademais de outros materiais de uso común para todas as áreas, como son: o caderno de pauta dobre, lapis e goma, pegamento, tesoiras, cartolinas, etc.

Cabe sinalar tamén neste epígrafe as fichas de traballo deseñadas polo titor/titora e os recursos dixitais dos que dispomos dentro da aula e nas instalacións do centro. Entre eles, os de uso máis común:

- Programas educativos
- Encerado dixital

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

6.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo dos cursos 1º e 2º empregaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Tarefas de aula (cadernos de actividades, libretas, fichas, etc) → 50%
- Intervencións orais → 10%

- Actitude: esforzo e motivación → 10%
- Traballo de reforzo na casa → 20%
- Orde e limpeza → 10%

6.2. PROMOCIÓN

Baixo o epígrafe “Promoción” o novo currículo LOMCE recolle, entre outros, os seguintes aspectos:

“ 1. O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do/da alumno/a.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor.”

Tomaremos como indicadores os seguintes criterios:

LINGUA E LITERATURA, CASTELÁ E GALEGA 1º

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito, de xeito adecuado, nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Ser capaz de realizar una lectura fluída e coa entoación axeitada de textos escritos sinxelos.
- Redactar enunciados moi breves e sinxelos (oracións, pés de foto, titulares de noticias, notas...) coas graffías axeitadas e separando as palabras.
- Distinguir e pronunciar todos os sons correctamente.

LINGUA E LITERATURA, CASTELÁ E GALEGA 2º

- Ler de forma comprensiva co ritmo e entoación axeitadas textos de diversa tipoloxía adaptados ao nivel.
- Expresarse oralmente con coherencia e certo orde nas ideas nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Redactar textos moi breves e sinxelos (oracións, pés de foto, titulares de noticias, notas...) coas graffías axeitadas, separando as palabras e empregando correctamente puntos, comas e signos de interrogación.

MATEMÁTICAS 1º

- Contar, ler, ordenar e escribir números ata o 99.
- Formular problemas sinxelos e saber resolvelos empregando as operacións matemáticas axeitadas.
- Realizar correctamente operacións de suma e resta sen levadas.
- Recoñecer as formas xeométricas básicas.
- Identificar os billetes e moedas de euro e coñecer as súas equivalencias.

MATEMÁTICAS 2º

- Contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999.
- Formular problemas sinxelos e saber resolvelos empregando as operacións matemáticas axeitadas.
- Realizar correctamente operacións de suma e resta con levadas.
- Aplicar a multiplicación a contextos cotiáns.
- Recoñecer as formas xeométricas básicas.
- Identificar os billetes e moedas de euro e coñecer as súas equivalencias.

CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS 1º e 2º

- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas, valorando a diversidade.
- Identificar algún recursos fundamentais para os seres vivos (auga, aire) e tomar conciencia do seu uso responsable.
- Recoñecer e clasificar con criterios elementais os seres vivos máis relevantes do contorno.
- Identificar e poñer exemplos sinxelos sobre diferentes profesións.
- Identificar algúns dos medios de transporte máis común e coñecer as normas básicas de seguridade viaria.
- Ser capaz de ordenar temporalmente una serie de feitos coñecidos polo alumnado.
- Valorar positivamente a práctica de determinados hábitos asociados á hixiene, á alimentación equilibrada, ao exercicio físico e ao descanso.

Ademais dos criterios previamente citados, á hora de tomar decisións sobre promoción teranse en conta outro tipo de variables fundamentais; como son:

- O grao de madurez do alumno/a
- A súa capacidade de traballo e esforzo
- O seu nivel de integración no grupo
- Outro tipo de variables persoais do alumno/a como son a súa sensibilidade á frustración, capacidade de superación e a súa autoestima.

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como método de avaliación continua da nosa práctica docente estableceremos nesta programación unha serie de indicadores de logro que nos permitan autoavaliar o noso proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso. Serán os seguintes:

- Materiais empregados:
Son adecuados, accesibles para os alumnos, diversos, motivadores, suficientes, adaptados á diversidade do alumnado, etc.
- Planificación do curso:

Está a ser adecuada, estase a cumprir a secuenciación dos estándares, o nivel de dificultade é adecuado, o proceso de aprendizaxe está a ser significativo, etc.

- Motivación do alumnado:
Amósanse interesados, participan na aula activamente, resultalles atractiva a metodoloxía didáctica, traballan concentrados na aula, hai problemas de conducta, etc.
- Transversalidade e uso das TIC
Estanse adaptando ben ao traballo en formato dixital, relacionan os contidos con outras materias, aplican o aprendido en valores e actitudes, etc.

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial terá lugar durante as primeiras semanas do curso. A súa duración poderá variar en función do que estime necesario o profesor-titor, aínda que non adoita exceder das primeiras semanas.

Ao longo do proceso podemos distinguir **tres fases**.

- Na primeira delas establecemos a toma de contacto cos alumnos/as. O noso obxectivo consistirá en familiarizarnos coas características persoais de cada alumno/a e a súa maneira de traballar. Esta fase é de vital importancia en todos os cursos, pero especialmente no caso dos alumnos/as de 1º de Primaria, posto que non só cambian de profesor-titor, senón que tamén inician unha etapa educativa diferente. Durante esta fase levaranse a cabo diferentes actividades e xogos de presentación, asembleas, coloquios, etc., ademais de distintas actividades académicas que inclúan a lectura, a grafomotricidade, a copia, o cómputo e o cálculo.
- Unha vez rematada esta primeira fase de toma de contacto, o profesor-titor terá unha idea aproximada das características e a maneira de traballar dos seus alumnos/as. Neste momento esa mellor capacitado para pasar ao grupo unha proba obxectiva sobre destrezas instrumentais e proceder á súa corrección cun criterio máis acertado.
- Coa corrección das probas concluímos a segunda fase da nosa avaliación inicial. A terceira fase consistirá en determinar as medidas metodolóxicas e de atención á diversidade que deberemos adoptar en función dos resultados obtidos e da información recollida ao longo deste proceso. De ser o caso, poderanse determinar os apoios dentro e/ou fóra da aula por parte dos mestres especialistas de PT e AL, ademais de investigar e revisar o material de ampliación e reforzo para as distintas áreas e materias.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro dunha aula podemos atopar diferenzas no alumnado, como diferentes estilos cognitivos, ritmos de aprendizaxe, intereses e diferentes situación persoais e sociais, por iso, se queremos acadar unha escola para todos con capacidade de atender as necesidades de cada un, é dicir, unha escola inclusiva, debemos temos que levar a cabo:

MEDIDAS DE REFORZO E DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

- Medidas curriculares: mediante o traballo de programas didácticos e adaptacións curriculares.

- Medidas organizativas: traballarase o reforzo e os apoios educativos.
- As adaptacións son de distintos tipos e abarcan desde:
 - Adaptacións metodolóxicas de agrupamentos, de espazos, tempos e grao de complexidade das actividades.
 - Introducción de actividades alternativas e/ou complementarias.
 - Selección de materiais específicos (lectura perceptivo-global, textos curtos e esquemáticos, estimulación visual con imaxes en fotografía, debuxo gráfico, pictogramas,...) e uso das TIC.
 - Adaptacións nos obxectivos, contidos e avaliación (priorizando, secuenciando e/ou eliminando contidos, obxectivos ou criterios de avaliación) levados a cabo tras a aprobación dunha ACI, por parte de Inspección Educativa.
- No caso do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, tal e como se recolle no artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de presentar un desfase curricular de máis de dous anos, poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este tipo de alumnado empregaremos materiais coma o UDICOM e o AVE.

MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO DERIVADA DA SÚA MAIOR CAPACIDADE OU MOTIVACIÓN PARA O APRENDIZAXE.

- Fichas de ampliación e profundización de cada unidade.
- Ensinanza tutorada.
- Aplicación das TICs.
- Traballos de investigación.
- Realización de hipóteses.
- Lecturas e consultas de forma libre...

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tal e coma se contempla no novo currículo, existen unha serie de elementos transversais que iremos traballando ao longo do curso a través das distintas áreas e disciplinas. Así como, se é o caso, a través das diferentes actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo.

Son elementos transversais:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.
2. A igualdade de oportunidades, que na nosa programación traducimos en medidas de flexibilización tales coma alternativas metodolóxicas e/ou adaptacións curriculares.
3. A igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, así como tamén a resolución pacífica de conflitos. Temas que adoitan xurdir de forma espontánea no día-a-día dunha clase e nos que pomos especial énfase en actividades coma o Día da Paz ou o Día da Muller Traballadora.

4. O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, que traballaremos fomentando aptitudes coma a creatividade, a iniciativa, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

5. A seguridade viaria, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes coma usuarios das vías.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O presente curso escolar os mestres do CPI Padrenda-Crespos decidimos realizar un proxecto pedagóxico transversal común para todos os alumnos de educación infantil a primaria, debido ao grande éxito do proxecto do ano anterior. Así damos continuidade ao proxecto anterior “os meus veciños europeos”, xa que ampliamos a perspectiva a todo o mundo.

Ademais as Nacións Unidas proclamou o ano 2017 como “ano internacional do turismo sostible para o desenvolvemento”. *A designación deste ano internacional intenta promover unha mellor comprensión entre os pobos en todas partes, conducir a que se tome unha maior conciencia da riqueza do patrimonio das diversas civilizacións e levar a unha mellor apreciación dos valores inherentes das diversas culturas, contribuíndo así ao fortalecemento da paz no mundo.*

Este proxecto é unha resposta pedagóxica que permite a integración curricular, a participación da comunidade educativa e do estudante no desenvolvemento das competencias que integran cada materia.

O proxecto partirá dos intereses do alumnado, por iso, cada grupo decidirá no comezo de curso o país co que traballará. O obxectivo final será a exposición trimestral das investigacións feitas por cada clase.

Debido á diferenza de idade dos alumnos (dende os 3 até os 11 anos) decidimos que a elección das actividades a traballar sexa libre, coa intención de que sexa un proxecto flexible que se adapte constantemente aos centros de interese do alumnado.

De maneira esquemática, os contidos a traballar e a temporalización será a seguinte:

PROXECTO INTERDISCIPLINAR “VIAXEIROS POLO MUNDO”		
1º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	XEOGRAFÍA, BANDEIRA	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	IDIOMA, MOEDA	
	RELIXIÓN	
	MONUMENTOS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	MAGOSTO	Cada grupo preparará xogos populares do seu país
	FESTA DO NADAL	Panxoliñas e ritos típicos
2º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	HISTORIA, PERSONAXES DESTACADOS	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	ARTE	
	MÚSICA E CINE	
	DEPORTES	
ACTIVIDADES	ENTROIDO	Disfraz e baile da zona xeográfica

COMPLEMENTARIAS	DÍA DA PAZ	Personaxes destacados de cada unha das zonas e a súa revelancia para a paz.
3º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	FLORA	EXPOSICIÓN MAIO
	FAUNA	
	ESPAZOS NATURAIS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DÍA DO LIBRO	Exposición nos taboleiros da biblioteca recomendando libros de autores de cada país.
	GYMKANA	Buscando pistas sobre os países elexidos
	GASTRONOMÍA	Degustación de produtos e pratos típicos de cada país traballado (colaboración co comedor)

12. REVISIÓN, AMPLIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Traballo dos contidos na unidade			
Descriptorios e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

